



Xuño 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O SLG alega para que a Lei do Solo exclúa aos invernadoiros

A Lei do Solo está sendo aplicada, no caso dos invernadoiros, de distinto xeito segundo o concello que se trate. A carencia dun criterio común fixo que a regularización dos invernadoiros fose un caos. Por iso, o SLG segue a traballar para que a Xunta subsane estas deficiencias que prexudican ás explotacións hortícolas. **Páx. 7**

■ Aldea Global

A suba de carburantes e pensos ameaza ás explotacións labregas

Nos últimos meses incrementáronse notablemente os custos de produción por mor da suba do gasóleo e dos pensos. O SLG, xunto á COAG, reivindicou a creación dun gasóleo profesional que non supere os 27 céntimos por litro. **Páx. 10**

■ Agroecoloxía

O SLG contra a contaminación por uso de herbicidas nas cunetas

O SLG vén de tomar cartas na problemática contaminación causada por utilizar herbicidas para eliminar a vexetación das cunetas. Así, decidiu chamar a atención sobre este problema, aportando alternativas e concienciando á xente do negativas que resultan estas práctica. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

A Unión Europea aumenta a 25 membros sen incrementar o orzamento agrícola

■ Venceu o criterio de países como Alemaña, que defendían un custe cero para a ampliación, polo que os orzamentos dos Quince terán que repartirse agora entre 25.

■ O SLG, xunto ás organizacións da CPE e da Vía Campesina, aproveitou para reivindicar unha Política Agraria Común alternativa á actual e pensada para os labregos e labregas. **Páxs. 2 e 3**



O SLG deu voz ás labregas de Galiza na Marcha Mundial das Mulleres

Miles de mulleres vidas de todos os currunchos do mundo transformaron Vigo, os días 22 e 23 de maio, nunha babel de culturas na que o único nexo común foi a unión delas nun evento lúdico, enriquecedor e reivindicativo do que o Sindicato Labrego Galego formou parte activa: a Marcha Mundial das Mulleres.

Grazas ás labregas e traballadoras do SLG, as mulleres do medio rural galego tiveron voz propia para poder expresar as súas problemáticas e arelas. Tras de todo isto, o inxente traballo de equipo realizado dende a Secretaría da Muller.

Conferencias, filmes, exposicións fotográficas e de sementes ou manifestacións foi o medio co que expresaron o sentir das mulleres que viven na Galiza por e para a terra.

Páxs. 8 a 10 e 16



A mala xestión en sanidade gandeira da Xunta prexudica ás explotacións

Casos coma un andazo de brucelose que afectou a 16 explotacións de O Corgo, ou o aumento xeralizado de positivos no sur da provincia de Lugo, revelan o fracaso da sanidade gandeira practicada pola Consellería

de Política Agroalimentaria nesta campaña do 2004. A inexperiencia e ineficacia da empresa encargada desta responsabilidade tralo despedido dos veterinarios, Tragsega, explica en boa medida este problema. **Páx. 5**

Europa cede á presión dos EEUU e racha a moratoria dos transxénicos

A legalización dun millo Bt manipulado xeneticamente para consumo humano puxo fin á moratoria sobre os transxénicos na Unión Europea. Foi unha decisión unilateral da Comisión que responde ás presións

de Estados Unidos dende a OMC. Paralelamente, toda unha aldea labrega de Mindanao (Filipinas) que vivía arrodeada por leiras deste tipo de millo caeu intoxicada por inhalar o pole. **Páx. 11**



O incerto futuro da agricultura lastra a nova Europa dos 25

Os fondos comunitarios dedicados ao agro non aumentarán e terán que repartirse entre máis socios

O 1 de maio de 2004 foi un día histórico para a Unión Europea. Nesta data realizaba a súa maior ampliación, pasando de ser a Europa dos Quince a ser a dos 25. Este feito traerá canda si novas expectativas e problemáticas

para Galiza. Se por unha banda, temos 75 millóns de consumidores máis, cómpre ver con preocupación que o mesmo orzamento agrario dos Quince se vaia distribuir, a partir de agora, entre 25 membros.

Os novos países que entraron na Unión Europea son Polonia, Hungría, República Checa, Eslovenia, Estonia, Eslovaquia, Letonia, Lituania, Chipre e Malta. Con eles, a Unión Europea incrementa a súa superficie agraria útil un 30%, pasando a ter 168'5 millóns de hectáreas. O número de labregos e labregas tamén aumenta considerablemente, pois incorpóranse 3'7 millóns de persoas dedicadas a traballos agropecuarios, o que supón un 53% máis.

Como son países que non sufriron aínda a reconversión brutal da Política Agraria Común (PAC), teñen unha media alta de emprego agrario: o 13'3% da poboación fronte ao 4'3% que tiña a Europa dos Quince.

As cifras variarán dentro de pouco, pois á cola para entrar hai outros tres can-



Biblioteca Audiovisual da Unión Europea

Mandatarios dos 25 estados da Unión Europea reuníronse en Dublín para asinar a ampliación

didatos: Bulgaria e Romanía, que se incorporarán no 2007; e Turquía, que iniciará as ne-

gociacións no 2005. Estes tres países incorporarán 62 millóns de hectáreas máis de

superficie agraria útil e catorce millóns de labregos e labregas.

Menos cartos para o agro comunitario

De todos estes países, as grandes potencias son Polonia, República Checa e Hungría, que concentran máis da metade da poboación e da actividade económica dos novos membros, e posúen o 74% da súa superficie agraria útil. En canto estes países desenvolvan o seu potencial productivo en sectores como a carne de porcino, de vacún e de ave; forraxes; pataca; colza; e remolacha azucreira, teremos diante nosa a serios

competidores. En tanto non suceda iso, os máis optimistas ven con bos ollos o aumento de consumidores potenciais en 75 millóns de persoas

En moitos destes países a gandería ocupa un lugar fundamental na pro-

ducción final agraria. Só en gando porcino, o censo da Unión Europea vai aumentar un 20% coas novas incorporacións, e Polonia situarase entre as catro primeiras potencias europeas neste sector.

En canto ao censo de gando vacún, tanto para carne como para leite, aumentará un 12%.

Os fondos agrícolas dos Quince a repartir entre 25

Respecto ás consecuencias da ampliación para a agricultura galega, cómpre salientar o xeito de financiamento elixido. Os chamados países contribuíntes netos, como Alemaña, impuxeron unha "ampliación de custe cero". Isto vai supor que os mesmos fondos que se repartían entre os labregos e labregas de quince países distribuíranse agora entre 25.

Este xeito de distribuír os cartos implicará que países como España, que ata o de agora viña percibindo axudas para a agricultura, poida deixar de recibilas. No caso concreto de Galiza, que acadou o Produto Interior Bruto medio por habitante da Unión Europea, perderá parte dos seus dereitos a percibir axudas.



Biblioteca Audiovisual da Unión Europea

O SLG, xunto á CPE e a Vía Campesina, reivindica unha política agraria alternativa

Aproveitando a coxuntura, a Coordinadora Labrega Europea, na que se integra o SLG, iniciou unha campaña internacional para que a Unión Europea asuma a nova ampliación dende

principios como a solidariedade, a igualdade entre rexións, ou a defensa das explotacións labregas. Asemade, o 24 de maio, unha concentración en Bruxelas apoiada polo SLG, a CPE e

a Vía Campesina, serviu como punto de partida para realizar unha serie de actividades reivindicativas en demanda dunha nova Política Agraria Común (PAC).



Bruxelas foi o escenario das protestas labregas apoiadas polo SLG demandando unha nova Política Agraria Común. Nas imaxes, manifestación (arriba) e rolda de prensa posterior (abaixo)

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) fixo públicas as súas críticas polo xeito en que a Unión Europea levou a cabo esta ampliación, denunciando que “a creación prioritaria dunha zona de libre comercio vai por riba dos intereses dos colectivos máis fráxiles.”

A isto engadiu que “a política agrícola decidida entre 2002 e 2003 para a Unión Europea dos 25 non ofrece un futuro aos millóns de pequenas explotacións agrícolas, que son a grande maioría das explotacións dos países do Leste, e concede subvencións moi inferiores ás da Europa do Oeste.”

Para a Coordinadora Labrega Europea é evidente que a ampliación fíxose en vistas a abrir novos mercados para as empresas agroalimentarias e as grandes distribuidoras da Europa do Oeste, “que xa conquistaran a economía agrícola dos países do Leste.”

O comunicado da CPE continúa afirmando que “actualmente, os estragos da mundialización neoliberal que poñen nunha

situación parella a economía e actores con diferencias xigantescas en aspectos coma o poder económico ou o rendemento agrícola, encóntranse no interior do mercado da Unión Europea, que segue a mesma ideoloxía económica: certos actores, como grandes empresas e produtoras, e certas rexións, son altamente favorecidas en detrimento da maioría.”

Fronte a esta situación inxusta, e para “apostar realmente por un reencontro auténtico en aspectos de tipo económico, social e cultural” a CPE demanda que “estes países e os seus habitantes sexan considerados como socios e non coma un mercado suplementario de consumidores”; que “o orzamento da Unión Europea aumente para utilizarse como base do desenvolvemento económico, da solidariedade, da cohesión social e territorial”; que os labregos e labregas da Europa Central e do Leste sexan tratados en pé de igualdade coma os do Oeste”; e que “os intercambios entre labregos e labregas das dúas rexións se vexan intensificarse e favorecidos.”

O pasado 24 de maio, unha comitiva con representantes da CPE, Vía Campesina e COAG, reuniuse co Presidente do Consello Agrícola da Unión Europea, Joe Walsh, para reclamarlle un cambio de rumbo na Política Agraria Común (PAC). Tralo encontro, houbo unha concentración de protesta diante do edificio do Consello Europeo.

As intencións desta acción, apoiada tamén polo Sindicato Labrego, foron denunciar unha política agraria que perdeu a súa lexitimidade, que destrúe por milleiros os postos de traballo no medio rural e que só está a beneficiar ás grandes industrias da alimentación.

Fronte a esta política, reclamouse unha PAC lexítima, sostíbel e solidaria, baseada no principio da soberanía alimentaria. Para acadar

Manifestación en Bruxelas apoiada polo Sindicato Labrego Galego

isto, cumpriría sacar adiante as seguintes accións:

- Desenvolver unha agricultura labrega en Europa, que dea prioridade ao abastecemento do mercado interno europeo.
- Recoñecer e manter o traballo agrícola gracias a prezos vinculados aos custes de produción.
- Controlar a oferta da produción agrícola.
- Desenvolver xeitos de produción sostíbeis, tanto social como medioambientalmente.
- Máis autonomía europea para os

pensos, en particular nas proteínas vexetais e nas oleaxinosas.

- Ofrecer produtos de calidade e seguros.
- Favorecer os mercados rexionais e a transformación local dos produtos.
- Desenvolver un mundo rural vivo, baseado nun tecido de pequenas e medianas explotacións agrícolas en todo o territorio da Unión Europea, xa sexa zona desfavorecida de montaña, ou de calquera outra cualificación.
- Dar a prioridade á instalación de

labregos e labregas mozos.

- Substituír a competencia pola solidariedade como principio económico e social da Unión Europea a 25 países.
- Negociar novas regras para un comercio internacional sen ningún tipo de *dumping* (exportación de produtos agrarios subsidiados con fondos públicos para poder venderllos a terceiros países por baixo dos custes de produción, provocando a ruína de milleiros de familias labregas en todo o mundo).

editorial

iiPerigo!!

Pensos con transxénicos

Anova lei que obriga a etiquetar os produtos que conteñen transxénicos, aprobada o 18 de abril de 2004, estanos a descubrir un negro panorama para a gandería galega. En efecto, nas oficinas do Sindicato Labrego recibíronse nas últimas semanas dúcias de queixas e denuncias de labregos e labregas que descubriron, non sen sorpresa, que na composición dos pensos cos que alimentan ao seu gando hai presenza de organismos xeneticamente manipulados, principalmente soia e millo.

Dende o Sindicato Labrego Galego sabemos que estamos na antesala dun posíbel escándalo alimentario dunha magnitude só comparábel ao das vacas tolas; e non estamos a chancelar nin a ver pantasma onde non as hai. O perigo é real. Pero vexámolo con feitos.

■ Periga a seguridade alimentaria e a integridade do gando.

Cada vez son máis os estudos científicos que demostran que os transxénicos constitúen un grave risco para a saúde das persoas e dos animais. Recentemente, como reflicte o presente Fouce, todos os labregos e labregas dunha aldea de Mindanao, en Filipinas, que vivían arrodeados de plantíos de millo Bt manipulado, caeron vítimas de serias intoxicacións. ¿A causa?, o pole do millo Bt que inhaláron.

Ese mesmo millo de tipo Bt está detrás da morte de doce vacas nunha granxa alemana de sesenta reses que foron alimentadas, precisamente, con ese produto manipulado durante os últimos catro anos e que resultou ser letal en nos animais máis febles.

Por outra banda, na manipulación de organismos vivos cómpre utilizar grandes cantidades de antibióticos, dos que fican residuos no produto final que despois pasa ao gando -debilitándoo ante enfermidades contaxiosas- e, posteriormente, á cadea alimentaria, afectando ás persoas. Outros datos a maiores, como a presenza de insecticidas, pesticidas que os propios organismos manipulados xeran, segundo a modificación xenética que teñan, deberían facer que nos preocupásemos pola nosa saúde e a da nosa facenda.

■ Periga o medio ambiente.

Outro dato científico irrefutábel é que resulta imposíbel impedir que o pole das plantas manipuladas xeneticamente se cruce con outras especies de tipo convencional. É dicir, que aínda que non plantemos especies manipuladas, as nosas leiras poderían verse contaminadas. E viceversa. Se cultivamos transxénicos podemos causarlle serios prexuízos económicos aos nosos veciños, ademais de estar atentando contra a biodiversidade, pois as plantas manipuladas, ao ser máis resistentes acabarían, de proliferar, por substituír ás naturais.

■ Os transxénicos poden ser unha auténtica ruína para a maltreita economía labrega.

Isto é así porque os organismos manipulados xeneticamente espertan un fortísimo rexeitamento social. O 70% da cidadanía euro-

pea négase a consumir produtos que conteñan transxénicos, ou que proveñan de animais alimentados con pensos transxénicos (carne, leite, queixos, etcétera). Diante de datos coma estes, en Franza dous tercios dos labregos e labregas néganse a utilizar pensos con transxénicos ou a cultivar forraxes manipuladas.

Daquela, ¿que pasará se en Galiza non reaccionamos a tempo? A resposta é evidente. Agora que é obrigatorio informar na etiqueta se un produto contén transxénicos ou non, os consumidores simplemente rexeitarán aqueles alimentos con elementos manipulados na súa composición.

¿Que ocorrerá entón con noso leite ou coa carne se alimentamos ao gando con pensos que conteñan transxénicos? A resposta tamén é sinxela: o consumo caerá en picado arrasando canda si ao prezo do produto e xerando unha crise semellante á das vacas tolas baseada, fundamentalmente, na perda de confianza da cidadanía. As consecuencias dunha crise deste calibre sobre a economía agraria aínda as temos frescas por sufrila na crise das vacas tolas.

Asemade, asistiremos a unha entrada masiva de produtos de fóra que si estarán libres de transxénicos, coma os franceses que, como xa dixemos, por mor da negativa dos labregos e labregas galos a utilizar OXMs, non conteñen organismos manipulados.

■ ¿Que podemos facer? ¿Como actuar ante todo isto?

Negándonos a mercar pensos que conteñan transxénicos. Agora podemos saber se un penso ten ou non organismos manipulados con só mirar a etiqueta. Se así fose, dende o Sindicato Labrego Galego aconsellamos que se lle pida ao distribuidor habitual pensos libres de OXMs. Habelos hainos, e se non queremos volver ser os protagonistas e vítimas dun novo escándalo alimentario como o das vacas tolas, deberíamos comezar a actuar facendo algo tan simple coma iso: utilizar unha marca de penso libre de transxénicos. Depende de nós mesmos e estamos a tempo de evitar males maiores.



A pésima xestión en sanidade gandeira da Xunta fai perigar a economía agraria

O SLG prevé un notable aumento dos positivos por enfermidades animais infecciosas no ano 2004

Cando a campaña de saneamento gandeiro do 2004 está a piques de rematar, o Sindicato Labrego amosou a súa grande preocupación diante dos resultados en Galiza. Algo ten que ir

mal cando se multiplicaron os focos de brucelose, chegando a zonas onde antes non houbera; ou se deron andazos de tuberculose, coma o que afectou a 16 explotacións do Corgo. A pésima

xestión da Xunta, despedindo a profesionais cualificados e confiando a sanidade gandeira a unha empresa inexperta como Tragsega explican o deterioro deste servizo.

Na provincia de Lugo estase a ver un crecemento xeneralizado das positividade con respecto ás enfermidades de erradicación obrigatoria. Actualmente, existen focos abertos de brucelose no sur da provincia de Lugo, onde non os había con anterioridade ou levaban anos esquecidos. As zonas endémicas de montaña non melloraron en absoluto a súa situación fronte a esta zoonose, a máis importante no Estado Español por número de casos en persoas.

Non se trata de focos illados, xa que dende moitas partes do País estanse a escoitar voces de alarma de gandeiros e gandeiras diante do incremento daquelas enfermidades que se consideraban controladas e a piques de ser erradicadas.

Un exemplo claro desta



A falta de experiencia e profesionalidade de Tragsega podería estar detrás do aumento de positivos

problemática situación témolo en O Corgo que, ata o de agora, podía gabarse de ter mantido durante anos unha das máis baixas incidencias na provincia de Lugo. Nembargantes, este ano viviu un foco de tuberculose con 16 explotacións impli-

cadadas, como mínimo, nun radio de ás penas dez quilómetros que abrangue oito parroquias.

Este feito non é doado de entender, xa que en case todos os casos as persoas afectadas non introduciron animais nas súas explotacións e

os reaccionantes positivos eran animais que tiñan varias campañas de saneamento feitas nas súas casas.

Nos casos onde se mercaran vacas, estas viñeron coa súa documentación en regra, polo que se supón pasaron os controis sanita-

rios necesarios para poder posuír eses papeis.

A información aportada ás persoas afectadas, tanto á hora de explicar as posibles causas da positividade como de informar dos resultados dos exames de laboratorio que hai que realizar nunha res positiva de tuberculose, brillou pola súa ausencia. A maioría destas persoas nin sequera foi informada do perigo que supón para a saúde humana esta enfermidade.

O SLG cualificou de "terceiromundista" o feito de a Xunta non controlase a saúde das persoas que estiveron en contacto cos animais positivos nas zonas afectadas.

Nin sequera se lles recomendou aos gandeiros e gandeiras que controlasen á poboación máis vulnerable, como nenos, vellos e persoas coas defensas baixas.

O traballo chapuceiro e temerario dos veterinarios de Tragsega

Respecto ás posibles causas deste incremento no número de focos, o Sindicato Labrego Galego lembrou que O Corgo foi un dos concellos, coma tantos outros, que ficou sen sanear no ano 2001 -case o 40% do censo de animais de Galiza- por causa dos problemas laborais do corpo de veterinarios de saneamento da Xunta.

Estes veterinarios foron despedidos e, no ano 2002, substituídos por persoal totalmente inexperto neste tipo de programas.

Diante destes feitos, o SLG apuntou a posibilidade de que o incremento dos positivos puidese ser consecuencia dun traballo feito dun xeito que aumentase desproporcionadamente o número de erros, con animais marcados como positivos estando sans, e animais estimados sans estando afectados por estas enfermidades.

Outro dos factores que puido ser determinante foi a irresponsabilidade cometida pola Administración ao prorrogar indefinidamente a validez das cartas verdes do 2001. Isto aumentou as posibilidades de que animais positivos circulasen por ex-

plotacións e feiras sen respectar o período máximo de validez das probas, que é de doce meses.

Ademais, os labregos e labregas da Galiza padeceron nas súas explotacións o abandono na calidade do servizo prestado pola empresa Tragsega xa que, a maiores dos trastornos ocasionados pola falla de experiencia manexando o gando por parte dos seus empregados e empregadas, sumase un traballo deficiente en repetidas ocasións.

Para o Sindicato Labrego Galego, este aumento desproporcionado do número de erros nun programa de erradicación ten consecuencias moi graves: considerábeis perdas económicas nas ganderías afectadas, desconfianza e desprestixio dos programas de erradicación levados a cabo, ou o notábel aumento do gasto público polo incremento de custe dende a entrada da empresa Tragsega -o gasto anterior multiplicouse por catro- e polo incremento do número de indemnizacións por sacrificio dos animais afectados.

Máis gasto, menos eficacia e, por riba, agora pretenden privatizar o servizo

O Sindicato Labrego Galego quiere lembrar que a loita contra enfermidades e, polo tanto, a sanidade animal e a seguridade alimentaria, dependen duns programas ben deseñados e executados onde estean implicados todos os actores da sanidade animal: Administración, veterinarios e os gandeiros. Se non están implicados estes actores ou algún deles fallara, entón os programas fracasan.

A grande perda económica das ganderías afectadas é, segundo o SLG, a consecuencia máis dramática desta campaña 2004, pois este ano as indemnizacións por sacrificio obrigatorio, sumadas ás liñas de axudas para merca de novos animais de reposición e á prima por lucro cesante, malamente dan para cubrir o 50% do prexuízo económico ocasionado nas explotacións afectadas. E iso sen falar dos atrasos de ata seis meses no pago.

O SLG vive con preocupación a situación na que se atopa a sanidade animal en Galiza, que está a medio camiño da súa privatización, o que trouxo consigo un gran incremento do gasto público e unha mingua importante da eficacia.

Dende o SLG, reclamouse o dereito de seren indemnizados dun xeito digno os animais positivos, tendo en conta o seu valor no mercado, para non rematar convertendo un ben público como a seguridade alimentaria ou a sanidade animal nunha desgracia para a nosa gandería.

Estudios avalan a demanda do SLG dun prezo de 33 céntimos para o leite

O reparto con criterios sociais da prima adicional noutras comunidades do Estado poñen en evidencia á Xunta

Un estudio realizado pola Universidade de Oviedo, e presentado na Semana Verde de Silleda, confirmou con datos científicos a demanda do SLG de establecer un prezo mínimo legal para o leite de 33 céntimos por litro.

Asemade, maio tamén serviu para confirmar as críticas verquidas contra Política Agroalimentaria por repartir as primas adicionais do leite de xeito proporcional favorecendo só ás explotacións máis fortes.

O 14 de maio, a Semana Verde acollía unha conferencia a cargo do profesor Antonio Vázquez Pinilla na que se facían públicos os resultados dun estudio da Universidade de Oviedo, promovido pola Interprofesional Láctea (In-lac), titulado "Custes e marxes de explotación na produción de leite".

O resultado máis salientábel deste traballo foi que producir leite ten un custe bruto de 32'97 euros por cada cen litros, o cal bota un resultado de 33 céntimos por litro. Nese custe irían incluídos unha marxe neta de 7'92 euros, un custe de capital de 2'6 euros, un custe de cota de 1'4 euros, subvencións por 1'44 euros, e unha retribución da man de obra de 5'36 euros. Aínda que o estudio non é demasiado fiábel -fíxose sobre 380 explotacións do norte de España con máis de 226.000 quilos de produción media e incluíndo só a 66 de Galiza-, é de salientar que eses 33 céntimos por litro coinciden coas reivindicacións do Sindicato Labrego.



O prezo mínimo de 33 céntimos por litro foi unha das demandas do Congreso do Leite do SLG

De feito, o pasado 21 de febreiro, o SLG reivindicaba no seu Congreso de Vacún de Leite, a fixación dun prezo mínimo de 33 céntimos por litro como única saída estábel á crise de depreciación. A organización sindical reafirmábase na

mesma demanda un mes despois, diante da ameaza da industria de volver impoñer unha nova baixada de prezos.

O estudio tamén aportou outros datos interesantes referidos ao noso País. Por exemplo, o 23% das ex-

plotacións lácteas galegas teñen perdas. En caso de que o prezo do leite baixase un 10%, a porcentaxe de explotacións deficitarias alcanzaría o 24%; e se a depreciación alcanzase o 20%, sería un 63% as que terían perdas.

Asturias, Valencia Cantabria e Castela favorecen aos mozos no reparto da prima adicional

O xeito de repartir a prima adicional motivou fortes críticas, por parte do SLG, cara á Consellería de Política Agroalimentaria, que apostou por un sistema proporcional en base á cota láctea das explotacións que favorecerá, fundamentalmente, ás máis ricas e fortes.

A maneira de proceder doutras comunidades confirman as denuncias do Sindicato Labrego, pois só Galiza, Aragón e Castela A Mancha optaron polo sistema proporcional.

Na outra cara da moeda, topamos con Asturias e a Comunidade Valenciana, que repartirán o 20% da prima en base a criterios de preferencia (apoio a gandeiros e gandeiras mozas, produción ecolóxica, etcétera); Castela e León, que fará o mesmo co 15% da subvención; ou Cantabria, que estableceu un tipo de cálculo que fará que as explotacións de zonas desfavorecidas de montaña cobren o dobre por quilo de cota.

Dado que tódalas comunidades tiveron o mesmo prazo para fixar criterios, non vale a escusa do Conselleiro de Política Agroalimentaria, que se escudou na falta de tempo para impoñer o reparto proporcional da nova prima láctea.

Ecoaga SL

Servicios Agrarios, Técnicos e Enxeñería

- ☛ Proxectos agrogandeiros e de desenvolvemento rural
- ☛ Proxectos e axudas para os montes
- ☛ Valoracións periciais e medicións de finca
- ☛ Traballos en viñedos (plantacións, podas, enxertas)

Servizos e prezos especiais para @s afiliad@s do Sindicato Labrego Galego

Pregunte orzamentos en calquera oficina do SLG ou chamando ao 619 348 426

O SLG alega para que a Lei do Solo exclúa aos invernadoiros


A diferenza de criterios nos concellos fai que uns obriguem á súa regularización e outros non

A nova Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza para o caso das instalacións agrícolas como os invernadoiros, está sendo aplicada de distinta maneira segundo o concello que se trate. Esa

carencia dun criterio común fixo que a regularización dos invernadoiros fose un caos. Por iso, o SLG segue a traballar para que a Xunta subsane estas deficiencias que causan serios prexuízos ás explotacións hortícolas.

Na lei fai referencia en todo momento a construcións. Nembargantes, nunha circular posterior a lei -na que se introducen modificacións á mesma- dise tamén que en solo rústico as instalacións están exentas da condición de edificabilidade (como máximo, o 20% da parcela); polo tanto, o feito de que exclúa ás instalacións dunha das condicións da lei, implica que as contempla na súa aplicación.

Polo tanto, con esta lei, segundo os casos que chegaron ao SLG, hai concellos que á hora de autorizar novos invernadoiros aplican a lei, esixindo proxecto técnico; obrigando a respectar as distancias a lindes establecidas; mesmo esixen a condición de edificabilidade, a pesar de que con posterioridade se lles eximiu desta condición nunha circular. Asemade, seguindo esta mesma lei, hai outros concellos que entenden que os invernadoiros non son construcións e, polo tanto, non a aplican.



Algúns concellos e sindicatos manteñen o absurdo de definir os invernadoiros como construcións

Para os casos en que se aplica a Lei do Solo aos invernadoiros, cómpre lembrar que as condicións que esta establece son:

■ No núcleo rural, unha parcela mínima de 300 m²; distancia a lindes de tres metros, e catro metros ao eixo da vía.

■ No solo rústico, a parcela mínima é de 5.000 m², e distancia a lindes de 5 metros, co agravante de que neste

solo, pola nova lei, non se poden partir as parcelas. É dicir, se faltan 10 m² para chegar ao mínimo de parcela, a persoa propietaria da finca veciña non pode vender eses dez metros, pois só podería vender a parcela enteira.

Ademais, aos invernadoiros aplícaselles as mesmas condicións cá unha construción para outorgar o permiso. Non hai condi-

ción de edificabilidade, é dicir, non se limita a superficie que poden ocupar da parcela en ningún dos tipos de solo.

No prazo de propostas para a modificación da Lei do Solo, que estivo aberto ata o 10 de marzo, o SLG alegou para que a lei reflecta expresamente que estas instalacións, ao non ser construcións, deben estar excluídas da súa aplicación.

Presenza nas negociacións para defender os intereses labregos

Dende o SLG e a Consellería sempre se mantivo a posición de que os invernadoiros non cumprían regularizalos por seren instalacións.

Foi na fase final do período de regularización -nunha xuntanza da comisión de seguimento da lei na que estivo presente o SLG- onde se comprobou que cada concello estaba traballando de xeito distinto e que a situación da regularización dos invernadoiros era caótica.

Nesa xuntanza, a Consellería de Política Territorial, á vista da situación, decidiu aconsellar a regularización de todos. Ao trocar de criterio a Consellería, o SLG trasladou esa decisión á xente que tiña invernadoiros, aconsellando que fixera o trámite para evitar problemas.

Hai que ter en conta que, ao aplicárselles aos invernadoiros as condicións arriba expostas, coa realidade territorial das explotacións de horta galegas, prexudicaría gravemente ás novas instalacións naqueles concellos onde se aplicase.

Ademais, é absurdo esixir-lle a unha instalación móbil e desmontábel condicións para a súa instalación coma unha construción.

Ovica participou na Semana Verde con demostracións, conferencias e exposicións

A Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galiza (Ovica) participou na vixésimo sétima edición da Semana Verde de Silleda. Fíxoo con dous postos de exposición no pavillón cárnico e no de gandería. A maiores, Ovica realizou unha exposición con máis dunha ducia de razas de ovellas e cabuxas.

As xentes de Ovica tamén aproveitaron a Semana Verde para facer demostracións de tosquir ovellas, e de manexo de cans pastores adestrados.

Outra parte importante da

participación de Ovica foi unha xornada técnica. Coa presidenta de Ovica, Araceli Pillado, oficiando como mestra de cerimonias, houbo conferencias sobre transporte e movemento de animais de ovino e caprino e control sanitario, a cargo de Víctor Sánchez Robles e Jesús Cantalapiedra, ambos veterinarios do Servizo de Gandería; sobre selección de animais resistentes á EET en ovino e caprino, a cargo do profesor de Xenética da Universidade de León, Juan José Arranz.

Completo a xornada



A exposición de exemplares de ovino e caprino realizada por Ovica na Semana Verde espertou o interese dos curiosos

unha charla sobre sistemas de identificación e lexislación comunitaria, pronun-

ciada por Francisco Abril, do Servizo Provincial de Agricultura de Teruel.

O SLG mellora servizos abrindo un novo local en Viana do Bolo

O Sindicato Labrego, coa intención de ofrecer mellores servizos á súa afiliación, vén de abrir un novo local en Viana do Bolo (Ourense). Estas oficinas atenderán ao público o primeiro e terceiro martes de cada mes, a partir do 15 de xuño, cun horario de 10.30 a 13.30 horas. As instalacións sindicais estarán situadas no antigo centro de saúde de Viana do Bolo.

Deste xeito, o SLG continúa a súa política de expansión, que o levou a abrir hai dous meses un novo centro en Silleda, e a renovar o inmo- ble de Ordes.

O Sindicato Labrego Galego foi a única organización agraria con presenza neste evento internacional

As mulleres do SLG deron voz propia ás labregas galegas na Marcha Mundial

Miles de mulleres vidas de todos os currunchos do mundo transformaron Vigo, os días 22 e 23 de maio, nunha babel de culturas na que o único nexo común foi a unión delas nun evento

lúdico, enriquecedor e reivindicativo do que o Sindicato Labrego Galego formou parte activa: a Marcha Mundial das Mulleres. Grazas ás labregas e traballadoras do SLG, as mulleres do

medio rural galego tiveron voz propia para poder expresar as súas problemáticas e arelas. Tras de todo isto, o inxente traballo de equipo realizado dende a Secretaría da Muller.

A presenza do Sindicato Labrego Galego na Marcha Mundial das Mulleres tivo dúas fronteas. Por unha banda, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, participou como conferenciante no foro "A sustentación ecolóxica: alternativas feministas", xunto a compañeiras como María José Guerra, Brigitte Verdière e Rosa Isela Serrano, esta última pertencente a unha organización irmá da Vía Campesina: Unorca.

Asemade, ese mesmo día, tamén se celebraron outros foros de debate e reflexión como "Mulleres e espiritualidade, corporeidade e resistencia" ou "Contribucións feministas na orixe e desenvolvemento dunha constitución europea", que xuntaron a centos de mulleres nunha nutrida concorrencia.



Parte da comitiva de mulleres do Sindicato Labrego diante do taller sobre feminización da pobreza

Decenas de miles de persoas para visitar sete puntos de encontro

A Feira Feminista da Marcha Mundial das Mulleres espallouse en varias tendas dedicadas a diversos temas. Así, na Estación Marítima se instalou a tenda de mocidade e emigración; na Praza do Náutico as de "Educación para a igualdade" e "Saúde, dereitos reprodutivos e aborto"; na Praza da Estrela, "Muller e Medio Ambiente" e "Muller e antimilitarismo"; na Praza da Pedra "Violencia de xénero"; e na Praza do Berbés, "Feminización da pobreza, dereitos laborais e sociais" e "Liberdades sexuais".

Feminización da pobreza e Muller e medio ambiente

Na Feira Feminista da Marcha Mundial das Mulleres, as mulleres do Sindicato Labrego tamén fixeron o seu traballo nas tendas de "Muller e medio ambiente" e "Feminización da pobreza, dereitos laborais e sociais".

Na primeira delas, montouse unha exposición de sementes labregas e uns paneis informativos nos que se denunciaban as eivas e perigos da agricultura industrial, facendo fincapé nos transxénicos e no emprego de pesticidas, herbicidas e demais fitosanitarios que están a envelenar os alimentos que levamos á boca; como alternativa a esta opción, defendeuse o desenvolvemento da agricultura labrega.

Filmes, exposicións fotográficas e concertos

Na outra tenda, a dedicada á feminización da pobreza, o SLG instalou varios paneis con fotografías e proxectou filmes e diapositivas nunha tentativa de amosar unha imaxe global do oficio das labregas. No filme, rodado en parte en Monfero, recóllanse diversas opinións das mulleres sobre aspectos sociais, laborais e

vitais sobre a súa vida como labregas.

Nas proxeccións de diapositivas, botóuselle unha delongada mirada á xornada diaria dunha labrega cunha montaxe de máis de dúascentas imaxes, ao que seguiu a composición "Labregas cultivando futuro, sementando igualdade", na que se puideron ver ás mulleres desenvolvendo todo tipo de labores agrarios e gandeiros, e participando en seminarios formativos e eventos reivindicativos.

Remataba este último traballo cun breve esbozo fotográfico sobre a biografía sindical de Lidia Senra, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego dende 1989 e unha das poucas mulleres que, na Unión Europea, desempeña un cargo destas características.

Xa pola noite, as mulleres do SLG acudiron ao concerto que se celebrou no Auditorio do Parque de Castrelos, con músicas e cantantes como a compañeira Uxía -que colaborou desinteresadamente co Sindicato Labrego na organización das súas actividades- Mercedes Peón, Amparanoia, Tucanas, Souad Massi e Cantareiras de Trasancos.



A exposición de sementes serviu para que moitas persoas non vencelladas á agricultura soubesen de problemáticas coma os transxénicos ou os pesticidas

20.000 voces vidas de todo o mundo asolagaron Vigo demandando igualdade

A Marcha Mundial das Mulleres culminou coa manifestación do 23 de maio, que congregou a máis de 20.000 mulleres de todo o mundo nas rúas de Vigo. Nesta ocasión, as mulleres do Sindicato Labrego Galego tamén tiveron unha especial participación, portando unha pancarta da Secretaría da Muller que rezaba o slogan co que acudiron a este evento: "Labregas cultivando futuro, sementando igualdade".

Aínda que o fundamento da manifestación era reivindicativo, tivo unha grande compoñente lúdica, con gaiteiros e pandeireteiras amenizando a camiñada de varios quilómetros, e berros e proclamas como "Labregas somos, labregas seremos, á nosa conta todos comemos".

A pesar do sol implacábel, as labregas e traballadoras do SLG fixeron todo o percorrido, dende a Praza de España ata a Praza de América, camiñando, bailando e cantando ao ritmo de miles de corazóns que demandaban un mundo máis xusto



Un sol de xustiza e varios quilómetros de marcha non foron quen de crebar o ánimo nin a entrega do SLG na manifestación

e igualitario no que a muller debe desempeñar un papel

fundamental. "Diferentes si, desiguais non", foi o lema

común que uniu a todos e a todas para reivindicar unha

Europa social, integradora e en igualdade.

Lidia Senra introduciu temas como a soberanía e seguridade alimentarias

Lidia Senra foi a encargada de iniciar a participación do Sindicato Labrego na Marcha Mundial. Fíxoo no foro sobre sustentabilidade ecolóxica ante centos de persoas, centrando a súa intervención no tema da alimentación como medio das mulleres para contribuír ao desenvolvemento sostíbel.

A Secretaria Xeral do SLG argumentou a elección deste tema "por que é un dereito humano básico que debe ser garantido polas políticas agrarias e por ser, ademais, unha actividade na que as mulleres temos un papel fundamental, tanto como produtoras de alimentos -segundo a FAO as mulleres producimos o 70% da alimentación familiar nos países en desenvolvemento-

mento e o 50% a escala planetaria-, como por recaer sobre nós, no meirande, a decisión do que poñemos na mesa cada día."

Senra criticou o modelo de produción alimentaria que predomina na actualidade, de corte neoliberal e a todas luces insostíbel, e afirmou que "non ten en conta para nada o dereito a unha alimentación suficiente, nutritiva, san e segura", denunciando o seu impacto "tremendamente negativo a nivel social e medioambiental".

Lidia Senra criticou tamén os intereses que hai detrás da intensificación: acadar produtos baratos; aumentar a produción; utilizar fitosanitarios como adubos químicos, pesticidas, herbi-

cidas, antibióticos, hormonas, ou tecnoloxías totalitarias como a dos transxénicos.

Neste senso, a dirixente sindical afirmou que "estas prácticas agronómicas son moi beneficiosas para as empresas que nos venden todo o que utilizamos para producir, pero son nefastas e destrutivas para as persoas: graves impactos na saúde polos residuos nos alimentos, tanto nas persoas que producen como nas que comen, con cancro, obesidade, malformacións fetais, etcétera; ou impactos no medio ambiente, con ríos contaminados e terras con residuos de pesticidas e herbicidas".

Fronte a todo isto, Lidia Senra defendeu alternativas



Lidia Senra salientou a importancia das alianzas entre labregos e labregas e a cidadanía en temas comúns como a alimentación

nas que as mulleres deben xogar un papel decisivo, sendo fundamental o establecemento de alianzas. Algún dos piares no que fundamentou este modelo alternativo foron a reflexión sobre o papel que as mulleres poden xogar para

consolidar un dereito humano básico como a alimentación, a introducción da soberanía alimentaria e da seguridade alimentaria no debate social, e a potenciación e creación de redes para os alimentos producidos de xeito sustentábel.

Rosa Isela Serrano Castro, ex coordinadora da Asociación de Mulleres Mexicanas Organizadas en Rede

“Un dos retos é crear unha nova conciencia produtiva que rescate os valores tradicionais”

Rosa Isela Sérrano Castro é unha labrega mexicana que visitou a nosa terra para participar como conferenciante na Marcha Mundial das Mulleres, compartindo foro con Lidia Senra. Aos seus 42 anos, xa leva nas costas o ter sido coordinadora nacional da Asociación Mexicana de Mulleres Organizadas en Rede (Ammor), colectivo feminino pertencente á Unión Nacional de Organizacións Rexionais Campesinas Autónomas (Unorca), presente nos 22 estados mexicanos e integrada, coma o SLG, na Vía Campesina.

■ En liñas xerais, ¿como é a vida dunha labrega mexicana? ¿Gozan dos mesmos dereitos que os labregos?

As mulleres labregas, dependendo da rexión onde vivan, poden ter diferentes características. Eu, por exemplo, son productora e *eixidataria* por herdanza do meu pai (os *eixidos* son terras de titularidade pública que os labregos e labregas teñen en usufructo permanente, xeración tras xeración); teño dez hectáreas e produzo millo comercial, e esta é unha característica de case todos os produtores de onde eu vivo, no norte do país.

Existe outro México, o do centro e sur do país, no que as labregas traballan propiedades máis pequenas, moitas veces de menos dunha hectárea. Nesta zona do país, as labregas non son propietarias da terra; quen é o *eixidatario* é o seu compañeiro ou esposo. Elas traballan a terra e coidan dos fillos namentres o *cónxuxe* emigra a Estados Unidos ou ás cidades. Así, o agro estase abandonando ou nel fican só as mulleres. Por iso, a situación das labregas no sur do país -onde o índice de cultura é o máis baixo e o de pobreza o máis alto, e hai máis indíxenas- é moi diferente das do norte.

■ ¿Cales pensa que son os principais retos que teñen que afrontar las mulleres labregas mexicanas?

Penso que un dos retos é a xeración dunha nova conciencia produtiva que nos permita rescatar os valores tradicionais e culturais. Hoxe, influenciadas polas necesidades económicas e polos tratados comerciais, as labregas víronse impulsadas a producir dun xeito máis inten-



Rosa Isela Serrano Castro visitou Galiza para participar na Marcha Mundial das Mulleres

sivo e, polo tanto, máis agresivo. Un reto que é máis grande para quen traballamos no norte do país. Para as do sur, o reto principal consiste en demostrar que a agricultura que están practi-

cando pode ser alternativa para o noso país.

En canto á nosa organización, coido que o reto das mulleres é introducir elementos máis femininos no desenvolvemento, intentar

que as negociacións políticas teñan maior sensibilidade e teñan máis claro nos seus obxectivos intereses como a familia, a terra, o coidado dos recursos, unha visión máis a longo prazo.

“Queremos un comercio que non faga desaparecer explotacións”

■ Máis en xeral, como membro de Unorca, ¿que posición manteñen ante el Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN)?

A nosa posición é de oposición total. O ano pasado fixemos manifestacións e unha folga de fame en Cidade de México, diante do remate do prazo de revisión do tratado de libre comercio. Toda esta mobilización tiña a intención de forzar ao Goberno Federal a pactar unha revisión do tratado de libre comercio.

Na Unorca non estamos opostos ao comercio entre países, pero cremos que debe haber outra forma de comercio. Un comercio máis ético no que a competitividade e o abaratamento dos prezos non eliminen ás comunidades labregas.

O noso goberno debería ser máis nacionalista, defender máis a nosa soberanía creando as condicións para que os

labregos e labregas poidan producir e ter unha vida digna de xeito que a nosa alimentación non dependa politicamente dun país tan poderoso como os Estados Unidos.

■ ¿Como está a afectar a globalización e a apertura de fronteiras aos labregos e labregas de México?

Está afectando principalmente ao prezo dos grans -coma o millo ou o trigo- que está suxeito aos valores da Bolsa de Chicago. Daquela, os prezos veñen marcados pola pura especulación, vendéndose a produción antes de sementar.

Por mor do impacto negativo nos prezos, no noso país, desapareceron os cultivos de soia e de algodón, que se traballaban ata hai ben pouco. No norte, por exemplo, a produción redúcese agora á horticultura para a exportación ou monocultivos de millo.

“Ammor promove un programa de aforro e préstamo específico para mulleres labregas”

■ Fáleme de la Asociación Mexicana de Mulleres Organizadas en Rede.

Ammor naceu como unha oficina da Unorca para atender problemas específicos de mulleres en temas como asesoría xurídica ou proxectos produtivos.

Despois, Ammor derivou nunha rede de mulleres onde algunhas organizacións comezamos a articularnos para intercambiar experiencias e mellorar capacitacións. En 1997, constituímonos como asociación civil.

Ammor manexa tres grandes temas de traballo: a cuestión social -saúde e educación, a nivel de base; economía -desenvolvemento de proxectos empresariais e o programa de aforro-; e participación política e organizativa. Todo vai cruzado polo enfoque de xénero.

■ ¿Que accións concretas desenvolve Ammor para cumprir obxectivos?

Un dos principais proxectos desenvolvidos é o programa de aforro e préstamo para mulleres. Cómpre pensar que moitas mulleres reciben cartos dos familiares emigrados a Estados Unidos, polo que pensamos que sería bo aforrar, pero sen depositar os cartos no banco.

Así, creamos un concepto de aforro e préstamo solidario con mulleres no que elas forman pequenos grupos, elixen á súa tesoureira, e depositan os seus aforros regularmente. Son esquemas moi comunitarios que permiten desenvolver proxectos.

Europa cede á presión dos EEUU e racha a moratoria dos transxénicos

A Comisión Europea tomou a decisión de xeito unilateral e sen ter en conta a oposición da metade dos países

O 19 de maio de 2004 pasará á historia coma o día no que a Comisión Europea, de xeito unilateral, e sen ter en conta que a metade dos países da Unión estaban en contra, rachou coa

moratoria sobre os transxénicos. Deste xeito, legalizouse o millo doce Bt 11 para consumo humano de Syngenta, cedendo así ás presións dos Estados Unidos, que iniciaron un con-

tencioso contra Europa na OMC reclamándolle 1.800 millóns de dólares pola moratoria. Curiosamente, Syngenta non comercializará o seu millo polo forte rexeitamento social.

A pesar das reservas amosadas polos comisarios Jacques Barrot, de Franza; Neil Kinnock, do Reino Unido; Stavros Dimas, de Grecia; e Michael Schreyer, de Alemaña, a Comisión Europea concedeu unha autorización de dez anos á multinacional Syngenta para que comercialice na Unión Europea o millo doce Bt 11.

Dos Quince países que debían tomar a decisión -antes da ampliación da Unión Europea a 25-, votaron en contra Austria, Dinamarca, Francia, Grecia, Luxemburgo e Portugal. Alemaña, Bélxica e España abstivéronse. O resto votou a favor.

Mesmo existía un dictame da Axencia Francesa de Seguridade Sanitaria dos Alimentos que estimaba que non podía descartarse un posíbel risco para



A pesares do forte rexeitamento social en Europa cara aos OXM, a Comisión rachou a moratoria

a saúde humana ata non ter realizado estudos de toxicidade.

A pesar das posicións con-

trarias, este millo foi autorizado para uso alimentario (conservas, conxelados, flocos de millo, fécula, amidón,

aceite, bebidas, etcétera) e non para o seu cultivo. Segundo as normas aprobadas recentemente, deberá indi-

carse a súa presenza nos alimentos cando supere o 0'9% da composición.

Paradoxicamente, Syngenta non vai comercializar o millo Bt 11 en Europa debido ao forte rexeitamento social que existe fronte aos alimentos manipulados, e á oposición dos industriais transformadores de millo doce.

Deste xeito, a Comisión Europea cedeu ás presións de Estados Unidos, que levou máis alá o seu litixio contra a Unión Europea reclamado 1.800 millóns de dólares por mor dos prexuízos que lle estaba a causar a moratoria. Curiosamente, e a pesar de que Europa puxo fin a esta moratoria rebaixándose a aceptar as esixencias ianquis, os Estados Unidos continuarán co seu contencioso, pois non lles parece dabondo.

Unha aldea enteira de Filipinas intoxicada por plantar millo Bt

Quizais, unha das últimas novas máis preocupantes na actualidade dos transxénicos foi a confirmación de que estes organismos afectan negativamente á saúde das persoas. Ocorreu nunha aldea de Mindanao, en Filipinas, onde todas as familias do lugar, que viven arrodeadas de plantíos de millo transxénico de tipo Bt, coma o legalizado pola Comisión Europea, comezaron a ter problemas respiratorios e intestinais, con febres e reaccións na pel, durante o período de maior presenza de pole de millo no aire.

Os estudos realizados sobre esta poboación descubriron nas mostras de sangue a existencia de numerosos tipos de anticorpos indicadores da resposta inmunolóxica fronte á presenza da toxina Bt (*Bacillus thuringiensis*), que é a que contén o millo transxénico sementado nas leiras do lugar.

Traducido á linguaxe común, os síntomas das familias labregas afectadas corresponden ás alerxias producidas polo

pole do millo transxénico Bt que inhalan nos campos.

Andazos semellantes en Estados Unidos, Rusia e Reino Unido

O suceso vén confirmar outros datos que xa existían ao respecto. Por exemplo, no Reino Unido as alerxias á soia aumentaron un 50% cando se comezou a importar soia transxénica. En decembro de 2003, un grupo de científicos rusos anunciou que os síntomas de alerxia triplicáronse nos últimos tres anos, sendo o consumo de transxénicos o motivo principal. En Estados Unidos, cun alto consumo de produtos transxénicos, tamén aumentaron as alerxias.

En menor medida, padeceron enfermidades similares os labregos e labregas que fumigaron os seus cultivos con Bt en aerosol. A incidencia máis baixa neste caso débese a que os síntomas dependían do grado de exposición, que nunha leira de millo Bt multiplícase por dez.

A presión social obriga a Monsanto a abandonar a produción de trigo transxénico

Unha boa noticia para os colectivos que, coma o Sindicato Labrego Galego, loitan contra a imposición dos organismos xeneticamente manipulados (OXM) foi a suspensión da venda de trigo transxénico por parte de Monsanto.

A multinacional norteamericana tivo que dar marcha atrás e renunciar a comercializar o trigo manipulado por mor das fortes protestas sociais de grupos ecoloxistas, organizacións labregas, consumidores e compradores de todo o mundo.

Outro factor importante foi que Xapón, o primeiro importador de trigo norteamericano, afirmara que non mercaría ningún tipo de trigo -nin convencional nin transxénico- de ningunha nación que cultivase a variedade transxénica, por temor á contaminación cruzada, pois é imposible evitar que os grans transxénicos cheguen a contaminar ao tradicionais nos cargamentos.

Mesmo nos Estados Unidos e Canadá, dende 1997, estas variedades manipuladas de trigo reducíronse nun 25% por acre sementado.

Deste xeito, Monsanto viuse obrigada a encaixar unha das súas máis sonadas derrotas, sobre todo se temos en conta que levaba investidos cinco millón de dólares no desenvolvemento do trigo Roundup Ready, resistente ao herbicida Roundup fabricado pola mesma multinacional.

A suba de carburantes e pensos ameaza ás explotacións labregas

O SLG, xunto ás organizacións da COAG, demanda un prezo de 27 céntimos para o gasóleo agrícola

As cifras da economía global volveron poñerse en contra de labregos e labregas no último mes. Se xa estabamos afeitos a uns prezos misérrimos para os produtos do traballo agrario,

agora suma na conta un incremento notábel dos custes de produción por mor da suba do gasóleo e dos pensos. Dende o Sindicato Labrego Galego, reivindicáanse medidas como a

creación dun gasóleo profesional que non supere os 27 céntimos por litro e o establecemento de prezos dignos que remuneren suficientemente o traballo labrego.

O gasóleo agrícola incrementouse en cinco céntimos o mes pasado, acadando os 43 céntimos por litro a mediados de maio. A Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), coa que colabora o SLG, esixiu ao novo Goberno a implantación dun gasóleo profesional cun prezo social entre 24 e 27 céntimos por litro para o sector agrario.

Tanto COAG como o SLG argumentaron que a agricultura e gandería deben ser consideradas sectores estratéxicos merecedores de especial protección. As razóns que xustifican esta demanda son varias: o sector primario está a sufrir unha brutal reconversión que o fai especialmente vulnerábel; os niveis de renda de labregos e labregas son moi inferiores á media estatal xa que os prezos se manteñen artificialmente baixos en beneficio da cidadanía; finalmente, cómpre salientar a función social da agricultura, que se encarga de subministrar alimentos e materias primas, amais de manter vivo o medio rural.



O aumento de prezo de leguminosas como a soia fixo que os fabricantes de pensos disparasen os prezos dos seus produtos

Emporiso, sorprende que o Goberno considere como sector estratéxico ao transporte aéreo de viaxeiros (Iberia) e que se lle exima de

pagar os impostos do carburante. O mesmo sucede co sector pesqueiro, que non paga a taxa especial de hidrocarburos nin o IVE.

A suba dos pensos do ano 2004 podería acadar ata o 40% no mes de xuño

O encarecemento dos carburantes coincidiron co incremento de prezos nos pensos. A Asociación Galega de Fabricantes de Pensos Compostos para Animais recoñeceu que a materia prima para fabricar preparados alimenticios para o gando, os cereais, encarecéronse un 30% no último ano. Esta suba dos cereais supuxo un aumento no prezo do penso entre o 25 e o 35%.

Coma sempre, ese aumento dos custes non tivo o seu reflexo nos prezos de cara aos consumidores, que seguen a pagar o mesmo polos alimentos.

Isto, en sectores como o da leite, sometido a constantes depreciacións do produto por parte da in-

dustria, está a poñer en xaque a moitas explotacións lácteas que ven minguadas as súas rendas namentres lles aumentan considerabelmente os custes de produción.

Por se fose pouco, os fabricantes de pensos advirten que a situación pode empeorar, xa que se prevén que as subas podan alcanzar o 40% en xuño debido, sobre todo, ao aumento exponencial que está a experimentar a soia dende comezos de ano.

Namentres, nin o Goberno de Zapatero nin a Xunta de Galiza foron quen de articular medida algunha que palíe unha conxuntura económica tan preocupante para labregos e labregas.

Diante desta situación, COAG e o SLG propuxeron que o gasóleo agrícola se beneficie da eliminación do imposto especial de hidro-

carburos, que grava con 8 céntimos o litro, e dunha redución do IVE do 7%, o cal está permitido pola Unión Europea.

España terá que devolver 10'55 millóns de euros máis a Bruxelas

O pasado 3 de maio de 2004, a Comisión Europea volvíu reclamar máis cartos a España por mor da mala xestión dos fondos comunitarios destinados á agricultura.

Nesta ocasión, a cifra de cartos a devolver ascende a 10'55 millóns de euros (máis de 1.775 millóns de pesetas). Destes cartos, 5'25 millóns de euros corresponden a non ter respectado o calendario de entregas no sector de froitas e hortali-

zas; 2'95 millóns reclámanse por insuficiencia dos controis no marco do réxime de axuda ás persoas máis necesitadas; 2'31 millóns por controis secundarios insuficientes no sector dos cultivos herbáceos; e 40.000 euros polo incumprimento das normas sobre aplicación de sancións no sector hortofrutícola.

O dato é máis preocupante se pensamos que o Estado Español, dende 1995, perdeu 1.507 millóns

de euros (case 251.000 millóns de pesetas) por diversas irregularidades na xestión dos fondos comunitarios cometidas polo Ministerio de Agricultura de Arias Cañete.

O Fouce 219, publicado en marzo de 2004, xa facía referencia a 11'2 millóns de euros (1.863 millóns de pesetas) que daquela lle reclamaba Bruxelas ao Goberno de Aznar. Tres meses despois, xa co PSOE, volvemos ás andadas.

Periga o medio de vida de 25 millóns de labregos e labregas polos baixos prezos do café

O prezo do café no mundo vén de acadar a súa cota máis baixa nos últimos cen anos. Se a mediados dos anos oitenta pagábanse 1'20 dólares por unha libra, actualmente págase a metade.

As cifras revelan un forte desequilibrio que fai que os países ricos se beneficien da crise, en detrimento dos labregos e labregas: nos anos noventa, os produtores de café obtíñan 12.000 millóns de dólares polo seu café, que

vendían minoristas nos países industrializados por 30.000 millóns de dólares; hoxe, namentres que os labregos e labregas obteñen polo café 5.500 millóns de dólares, nos países ricos véndese por 70.000 millóns.

Segundo Intermón, a crise "está destruindo o medio de vida de 25 millóns de produtores en todo o mundo". Só un país como Guatemala, por exemplo, perdeu nos últimos anos 250.000 postos de traballo no sector.

O SLG tenta frear a contaminación de limpar cunetas con herbicidas

Esta práctica antiecolóxica destrúe flora e fauna e causa serios prexuízos ás explotacións labregas

Recentemente, unha afiliada de produción ecolóxica achegouse ata a súa oficina do Sindicato Labrego para denunciar que lle pasará por diante da finca unha máquina de sulfatar as cunetas. Preocupada polos prexuízos que isto lle podía causar, pediulle que se estudiasse esta problemática. O SLG, tomando cartas no asunto, decidiu realizar pequenas accións para chamar a atención sobre esta situación, aportando alternativas e concienciando á xente do negativas que resultan estas prácticas. O presente texto forma parte desa campaña.

¿Para que se sulfatan as cunetas? Basicamente, para telas limpas de herbas, para que a auga poda escoar sen acumularse nas estradas. Nalgunha zona mesmo pode perseguir algún aspecto estético e paisaxístico. Fóra das xustificacións, isto xera problemas nas mesmas cunetas, na auga que circula por elas. Ademais, o herbicida pode afectar directamente á fauna que vive na cuneta, matando animais e insectos; ou indirectamente, modificando o equilibrio ecolóxico: se erradicamos as flores, por exemplo, os insectos que se alimentan delas non virán e terán que ir a outro lugar.

As multinacionais químicas levan anos dicindo que as cunetas deben estar limpas porque son focos de pragas. Unha parte importante da comunidade científica demostrou o contrario: as cunetas son unha reserva de inimigos naturais beneficiosos para os cultivos. Por exemplo, se hai plantas, hai frescor e ras, comedoras incansábeis de insectos. Se a cuneta está pelada, non temos este insecticida natural. De feito, se as cunetas fosen un foco de pragas, as mesmas pragas eliminarían toda a vexetación da cuneta. Como non o fan, hai que entender que ter vexetación nas cunetas resulta positivo.

Nos países que teñen unha agricultura moi intensiva, e que se decatan de que esta non é a vía, estanse a subvencionar plantacións de sebes polos seus efectos beneficiosos. As cunetas cumpren o mesmo papel como reserva natural que aporta equilibrio á natureza e, en consecuencia, diminúe a presenza de pragas.



A roza mecánica de cunetas é unha das mellores alternativas ao uso indiscriminado de herbicidas

Evidentemente, o herbicida non para onde se bota, pois non se degrada dun día para outro e viaxa na auga. Isto supón un grave problema, sobre todo en cunetas usadas como canle de rego.

Galiza non ten tradición de comer caracois, por moito que a Xunta se empeña. Pero si que hai sitios onde se recollen os caracois nas cunetas para a venda. Está claro que as persoas que viven diso non saben se se sulfatou a cuneta o día anterior. ¿Que comen, pois, os consumi-

dores e consumidoras? O mesmo poderíamos preguntarnos dos xatos que van pacendo pola estrada de camiño ás parcelas, por non falar aqueles que se levan directamente a comer as herbas das cunetas.

Tamén hai que pensar que, debaixo das cunetas, hai raíces, polo que se poden ver afectadas as árbores. E iso sen pensar na xente que consume produtos das cunetas, como as moras.

Outro dos grandes riscos é o herbicida pase a parcelas

veciñas. Pode ser que non haxa efectos evidentes, pero está claro que a contaminación accidental por herbicidas pode atrasar o desenvolvemento dos cultivos ou afectar unha pradería. Isto é especialmente perigoso para a xente que ten unha explotación ecolóxica, xa que poden aparecer residuos. Resulta obvio que a sebe a que obriga o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia non vai deter toda a química que se achega

¿Que facer se afectan ás nosas leiras cunha sulfatación?

Se un labrego ou labrega sofre unha sulfatación de cunetas a carón das súas parcelas e pensa que o herbicida pode entrarlle finca, dende o SLG recoméndase apuntar a matrícula do coche, a súa procedencia, anotar algún logotipo se o posúe, ou calquera outro sinal que permita descubrir quen o manda alí. Despois, en caso de poder, deberíase facer unha fotografía. Hai que coller mostras de terra no mesmo

intre, en bolsas de plástico. Unha desas mostras debe deixarse no conxelador. Cómpre lembrar que esas mostras só teñen validez se está presente un notario no intre de recollelas, o que supón custos que, polo xeral, non compensarán, agás en casos moi concretos. Despois, hai que presentar denuncia ante Medio Ambiente. Chamar ao Seprona non parece ser moi útil, xa que tardan moito en chegar.

A roza e a cuberta vexetal controlada como alternativas

Antes de ver cales son as alternativas, cómpre preguntarse a quen beneficia esta práctica. Está claro que non xera emprego e que aporta xenerosos dividendos aos vendedores de herbicidas e ás multinacionais químicas que os fabrican. Polo tanto, dende o punto da realidade galega, o herbicida non ten interese ningún.

Entre as alternativas, deberíamos descartar o lume. Pola contra, pódese falar do traballo mecánico, a roza. Non é tan eficaz coma o herbicida pero, precisamente por iso, é máis interesante. A roza modifica a natureza da cuneta, pero non a destrúe, pois os animais e vexetais mantéñense. A maiores, ten a vantaxe de permitir a eliminación de pólas grandes. Emporiso, o número de pases pode ser menor que se se sulfata. O traballo pode ser máis lento que con herbicida, co cal sería máis caro, pero como non necesitamos tanto ata pode compensar.

Existe outra posibilidade, que consiste en manter as cunetas con cuberta vexetal. Así se está a facer en plantacións de froiteiras, onde se sementa céspede entre as ringleiras para controlar as herbas. O mantemento é máis caro, pero ten a maiores un efecto estético que pode ser interesante.

En definitiva, o uso de herbicida para manter das cunetas non é a única posibilidade ao alcance das autoridades competentes para controlar a vexetación das cunetas.

Axudas a parceiros e arrendatarios para que exerzan o seu dereito á propiedade

Orde do 24 de maio de 2004 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos que exerzan o seu dereito á propiedade por aplicación da Lei 3/1993, do 16 de abril, relativa ás parcerías e aos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.

Os parceiros e arrendatarios de predios rústicos a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, que comunicaron a súa intención de exercer o dereito de acceso á propiedade, poderán acollerse ás axudas que establece o Decreto 381/1998, do 29 de decembro, no cal se recollen os tipos de axuda, criterios de prioridade establecidos no seu artigo 5, tramitación e formalización das ditas axudas.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera establecida por outras administracións públicas para o mesmo fin, agás no caso de accións que pola súa singularidade, canto ao seu alcance e ás súas reper-

cusións, así o requiran.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia compulsada da escritura de adquisición, onde se acredite a condición de arrendamento ou parcería histórica.
- Relación de gastos, cos seus xustificantes, obxecto da subvención.
- Fotocopia compulsada do DNI ou NIF.
- Declaración da renda que acredite que obtén máis do 50 por 100 da renda anual da actividade agraria.
- Certificación de estar afiliado á Seguridade Social Agraria.
- Certificado da correspondente entidade bancaria da conta do beneficiario en que se aboará a correspondente axuda.
- Certificación expresa da Consellería de Economía e Facenda de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xun-

ta de Galiza.

h) Certificado de acreditación de encontrarse ao día das obrigas fiscais.

i) Outros documentos en función da axuda solicitada.

j) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo fin polas distintas administracións públicas competentes.

O prazo de presentación de solicitudes terminará o 31 de agosto deste ano 2004.

As subvencións consideradas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación da partida contemplada en concepto de axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004, dotada cun crédito de 180.000 euros.

O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal da Administración Tributaria

(AEAT) e á Consellería de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a autorización que figura no anexo desta orde, para os efectos de que a Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias poida solicitala por vía informática.

Quedan exentos de presentar os xustificantes do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, Facenda autonómica e Axencia Tributaria, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 8/2003, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, os beneficiarios de axudas que non superen o importe de 1.500 euros.

Axudas para paliar os danos do lobo sobre o gando

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no DOG, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Subvencións para reestructurar viñedos

Ata o ano 2006 están abertas as axudas para reestructurar viñedos. Dende o Sindicato Labrego Galego podemos tramitar a túa solicitude a través do colectivo Labregos Galegos, para toda Galiza.

As axudas poden cubrir dende a colocación de postes novos, ata plantacións completas con muros incluídos.

Os importes destas axudas van dende os 6.000 euros ata os 25.000 euros por hectárea, dependendo do tipo de plantación. O prazo de presentación das axudas para este ano 2004 remata o 30 de xuño.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Axudas para as agrupacións de produtores de pataca

Orde do 4 de maio de 2004 pola que se convocan para o ano 2004 o recoñecemento das agrupacións de produtores de pataca de consumo e as axudas para o seu fomento en Galiza.

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2004, o recoñecemento das agrupacións de produtores de patacas de consumo, non destinadas á industria feculeira, e as axudas para o seu fomento e apoio, na Comunidade Autónoma de Galiza.

Para poder obter o recoñecemento como agrupacións de produtores de patacas de consumo e poderse acoller ás axudas para o seu fomento e apoio, deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 16 de xullo de 2003, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

As solicitudes para obter o recoñecemento como agrupacións de produtores de patacas de consumo, non destinadas á industria feculeira, presentaranse segundo o establecido no artigo 4º da Orde do 16 de xullo de 2003, xunto coa documentación que se detalla nese mesmo artigo.

As solicitudes de axudas para a consti-

tución e o funcionamento das agrupacións de produtores de patacas de consumo, e para mellorar as súas estruturas produtivas e de comercialización, presentaranse segundo o establecido nos artigos 8º e 11º, respectivamente, da Orde do 16 de xullo de 2003, xunto coa documentación que se detalla nos devanditos artigos.

O recoñecemento e rexistro das agrupacións de produtores, as entidades beneficiarias, os conceptos subvencionables e contía económica, os criterios de valoración, o procedemento de xestión das axudas e a forma de xustificación destas, axustaranse ao establecido na Orde do 16 de xullo de 2003.

As solicitudes para o recoñecemento das agrupacións de produtores de patacas de consumo poderanse presentar ao longo de todo o ano, cando as entidades interesadas o consideren oportuno.

As solicitudes de axudas para a constitución e o funcionamento das agrupacións de produtores de patacas de consumo, así como para mellorar as súas estruturas produtivas e comerciais, poderanse presentar ata o 31 de xullo inclusive do ano en curso.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes da Consellería de Política Agroalimentaria veñen de regular as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas polo lucro cesante, motivado pola inactividade producida ao decretar a obrigatoriedade do baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovínas.

A contía destas axudas variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro

dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos: do 1 ao 30 de xuño de 2004, do 1 ao 30 de setembro de 2004, e do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
tanque de 640 litros.
Teléfono 982 177 878

Véndese
dúas xovencas de raza Frisona,
con carta.
Teléfono 982 788 210

Véndese
rolos de herba seca, en Santa
Cristina, Cospeito (Lugo).
Teléfono 982 177 104

Véndese
remolque mesturador con fresa.
Capacidade de 12'5 metros cúbicos,
seminovo e garantido.
Chamar ao 981 687102.

Véndese
rolos de herba seca de boa calidade,
da Pastoriza (Lugo).
Teléfono 982 164 477

Véndese
herba seca en rolos e pacas.
Teléfono 981 691 881. Chamar ao
mediodía ou pola noite, e preguntar
por Álvaro.

Véndese
comedoiro para xatos de instalar
no campo.
Preguntar por Olga no teléfono
982 179 685.

Véndese
tractor PASCUALINI 463, rixido.
Arado, fresadora 140, remolque
con volteo hidráulico.
Maquinaria de plantar patacas
Maquinaria de arrincar patacas
Teléfonos 981 630 578 ou 669
442 067. Preguntar por Pepe ou
Claudina.

Véndese
tractor FERRARI de 42 CV, con
1.500 horas de uso, dobre trac-
ción, articulado e con apeiros.
Segadora BCS, en moi bo estado.
Teléfono 981 788 423

Véndese
tanque de frío de 300 litros.
Teléfonos 986 681 671

Véndese
circuíto de muxido seminovo de
tres puntos MANUS
Silo para penso de 4.000 quilos,
dividido.
Teléfono 651 906 202

Véndese
tractor LANDINI BRIZA 95, con
1.600 horas.
Preguntar por Antonio no teléfono
982 313 115

Véndese
remolque de coche de 2'5 x 1'2
metros, con dous eixes e freo de
inercia.
Autocargador
Teléfono 626 344 402

Véndese
vacas en produción de carne,
rubias e cruzadas.
Chamar ao 677 461 844

Véndese
sistema de rego, motobomba,
tubos, aspersores e mangueras.
Chamar a partir das 22.00 horas
ao teléfono 981 896 668

Véndese
tractor con apeiros PASCUALI
463, de 45 CV e con apeiros.
Chamar ao 669 442 067

Véndese
dous tractores JOHN DEERE,
modelos 2140 e 1020.
Chamar ao 981 787 639.

Véndese
autocargador CAMPEVA de 18
metros cúbicos.
Teléfono 982 162 844.

Véndese
cuba de fibra de 28.000 litros.
Preguntar por Xesús no teléfono
981 787 551

Véndese
cisterna de purín de 2.500 litros.
Chamar ao 677 461 844

Véndese
casas de pedra labrada en
Abadín (Lugo)
Chamar ao 982 178 976

Véndese
explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel
nos teléfonos 988 419 112 ou no
988 419 035

Véndese
coche Renault 4, matrícula LU
9810 K. Bo uso.
Chamar ao 982 179 413 polas
noites.

Véndese
autocargador FORT de 22 metros
cúbicos.
Segadora BCS, encendido elec-
trónico.
Ensiladora de un rego con dúas
campañas de traballo.
Sementadora de herba, marca
FIONA, en bo estado.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
dúas xovencas de raza frisona
con carta
Chamar ao 981 788 210

Véndese
viño Mencía e Godello da zona
de Monterrei (Verín).
Preguntar por Máximo en cal-
quera destes dous teléfonos:
651 488 915 e 626 677 850

Véndese
vacas xovencas e frisonas por
peche de explotación.
Chamar ao 982 164 477

Véndese
autocargador con rotativa
MORRAM, automático, de 18 met-
ros cúbicos.
Dous angazos, un de espelir e
outro de xuntar, marca CUN
Chamar ao 981 670 725

COMPRAS

Mércase
rabaño de cabuxas ou de cabu-
xiñas de recría.
Chamar a Fermín ao teléfono 679
290 628

Mércase
poldro para vacas.
Teléfono 982 164 045

Mércase
parafuso sen fin, seis metros de
lonxitude e 110 mm de diámetro,
motor monofásico ou trifásico.
Teléfono 982 151 639, preguntar
por Xosé Alba

OUTROS

Búscase soci@ ou arréndase
explotación de carne de vacún
coas instalacións completas e en
plena produción. 250 ferrados de
pradería en tres fincas adxa-
centes, a 5 quilómetros de Lalín.
As persoas interesadas poden
chamar ao 677 461 844



Isabel Vilalba, responsábel da Secretaría da Muller do SLG e membro da Executiva

En Isabel cadran dous dos roles que exercen moitas mulleres da Galiza rural: nai e labrega. Dende 1998, traballa para o Sindicato Labrego na comarca da Mariña e, trala celebración do seu sexto Congreso, é responsábel da Secretaría da Muller desta organización. Na parroquia de San Tomé, no Val de Lourenzá, traballa coa súa familia un plantío de hectárea e media de fabas e unha explotación láctea con máis de trinta reses. Nas últimas semanas, organizar con compañeiras e afiliadas a participación do SLG na Marcha Mundial das Mulleres ocupoulle boa parte do tempo.

“As labregas de Galiza estiveron presentes na Marcha grazas ás nosas afiliadas”

■ A Secretaría da Muller do SLG participou activamente na Marcha Mundial das Mulleres, ¿en que consistiu exactamente esa participación?

Houbo varias facetas. Unha das fundamentais foi a participación da Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, no foro de sustentabilidade ecolóxica, cunha intervención que valorou o modelo de produción labrego, destacando a súa importancia social, medioambiental e de seguridade alimentaria para toda a cidadanía.

Despois, foi moi importante a participación das labregas que acudiron na fin de semana a Vigo, participando nos encontros, na feira, no concerto e na manifestación. As labregas de Galiza estiveron fisicamente na Marcha Mundial das Mulleres grazas ás nosas afiliadas e a todos os materiais que a Secretaría da Muller expuxo en Vigo.

■ Fálame deses materiais.

Un dos que levou máis tempo facer e que ten para nós moita importancia foi o vídeo que gravamos para proxectar no Taller de Feminización da Pobreza. Este documento recolle dende o día a día dunha labrega ata varias intervencións de mulleres que aportaron diversas opinións sobre outros aspectos das achegas das labregas a nivel social ou no traballo.

Tamén houbo varias proxecções fotográficas, como a de “Labregas cultivando futuro, sementando igualdade”. Asemade, fixéronse outras actividades coma o taller de sementes, que foi moi importante, pois achegou aos miles de persoas que pasaron esa fin de semana por Vigo unha idea que para nós é fundamental: a reivindicación dun xeito de produción labrego fronte a un modelo de produción industrial que supón grandes cantidades de pesticidas e unha sobreexplotación do terreo que, en



Isabel ten que compaxinar as súas responsabilidades no SLG co traballo na explotación familiar

definitiva, dá uns produtos cunha calidade e seguridade alimentarias moi dubidosas.

■ ¿Que avaliación final faría desta experiencia?

Foi moi positiva. Moitas labregas comentáronme que se dedicaron a asimilar todo o que vían e a procurar participar no posíbel.

Chamoume a atención de que xeito, xente de diversas

procedencias -falábase de 6.000 colectivos, 20.000 asistentes á manifestación e, alomenos, unha ducia de linguas- fomos quen de entendérmonos para levar todo adiante, o cal me parece moi positivo e esperanzador, pois o futuro dos nosos proxectos sindicais e de todas as expectativas que temos van pasar, no

meirande, por que a cidadanía se alíe a nós para acadar un mundo mellor.

A Marcha Mundial demostrou que hai un potencial enorme de xente que queremos traballar para conseguir melloras coma o remate da violencia de xénero, da pobreza feminina, ou modelos sociais máis xustos e igualitarios.

“Elaboraremos un estatuto cos dereitos da muller labrega”

■ No agro galego, ¿cales son as problemáticas de xénero que esixen unha inmediata solución por parte da Administración?

Hai unha serie de normativas no agro galego que, aparentemente, son neutras, pero que na práctica afectan maioritariamente ás mulleres. Por exemplo, cando demandamos que a Seguridade Social teña cobertura para as mulleres é porque o meirande delas son titulares de explotacións de escasa dimensión e con recursos limitados. ¿É especificamente de mulleres?: non. Pero na práctica o meirande das afectadas son mulleres.

A reforma da Seguridade Social trouxo canda si un incremento do custe moi importante que afectará máis ás pequenas e medianas explotacións, que terán moito máis difícil asimilar o aumento, o cal afectará directamente ás mulleres.

No tema da titularidade das explotacións, existe unha serie de normativas que impide cando o cónxuxe xa é titular

crear unha nova titularidade, recomendándose que se poña todo a nome dese cónxuxe, que normalmente é o home, o cal é totalmente anacrónico e discriminatorio.

■ Unha vez rematada a Marcha Mundial, ¿que temas prioritarios figuran na axenda da Secretaría da Muller?

Demandas como unha Seguridade Social accesíbel e con coberturas axeitadas; conseguir que as mulleres que queren acceder á titularidade das explotacións non teñan trabas legais.

Un traballo fundamental para este ano será colaborar con outras organizacións, como a área da muller de COAG no ámbito estatal, na elaboración dun estatuto que recolla os dereitos da muller labrega.

Tamén continuaremos o traballo directo coas mulleres nas comarcas para que participen activamente en formación, intercambio de experiencias a través de eventos, ou calquera outra actividade que implique a dinamización dos grupos de mulleres labregas.

“As carencias que padecemos no medio rural fan que esteamos máis limitadas”

■ Como nai e como labrega, ¿con que problemas se atopa á hora de criar aos fillos no medio rural?

Eu, dende sempre, quixen vivir no medio rural. Aparte da miña convicción persoal, parte desa idea é polo meu papel de nai. Eu quero que o meu neno medre no ámbito rural. Quero que coñeza as relacións humanas de cooperación que existen no rural, que medre en contacto coa natureza, que teña unha alimentación segura e san.

Como atrancos, a carencia de medios dificulta moito este labor. A nivel persoal, cando eu fiquei embarazada, en Lourenzá non había matrona e cada vez que fun a unha revisión atopeime cun xinecólogo distinto.

Cando o meu fillo empece a ir á escola, non terá medios de transporte para asistir ata que non acade unha determinada idade.

■ Se polo menos quedasen escolas rurais...

Ese é outro dos problemas que temos: a supervivencia da escola rural. Aquí temos unha das poucas que fican na comarca. Este tipo de escolas é fundamental, pois nelas os nenos seguen en contacto co medio, acadan un fondo coñecemento da parroquia, e manteñen relacións de veciñanza.

Tamén hai xente que ten persoas maiores ao seu coidado, coa dificultade de ter os centros sanitarios lonxe. Coñezo mulleres que coidan familiares con Alzheimer, asumíndoo sen ningún apoio e vivindo supeditadas a esa enfermidade. Todas esas carencias que padecemos por vivir no medio rural, máis as obrigacións da profesión de labrega, fai que esteamos moito máis limitadas.